

— Manuel Rodríguez Rodríguez (suplente: Cecilia Doporto Regueira).

Secretario: Jorge García Fernández (suplente: Salvador González Rodríguez).

4.—O primeiro exercicio dará comezo o xoves 28 de febreiro de 2008, ás 10:00 horas, no Auditorio Municipal.

Segundo.—Os motivos de exclusión son os seguintes:

- (1) Non achegar coa instancia copia autenticada do D.N.I. ou documento similar.
- (2) Non ter xustificado o pago dos dereitos de exame.
- (3) Presentación da solicitude fóra de prazo.

Terceiro.—Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de Documento Nacional de Identidade ou outro documento oficial fidedigno acreditativo da súa personalidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica do exercicio (bolígrafo).

Contra esta resolución, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa concordante.

Lalín, 15 de xaneiro de 2008.—O Alcalde, Xosé Crespo Iglesias.—Dou fe. O Secretario Xeral, César López Arribas. **2008000450**

* * *

MEAÑO

A N U N C I O

Presentado e formulado o Proxecto ou Proposta de Equidistribución, polo sistema de actuación de concerto, por MP Carregal S.L., representada por Carlos Barbeito Fernández e D. José Carlos Varela García, correspondente ao Polígono nº 3 do Solo Urbano de Dena, situado en Ponte Dena (Dena), e formalizado en escritura pública mediante acta de protocolización nº 2.544 ante o Notario D. Francisco Manuel Botana Torrón o día 28 de decembro de 2007.

De acordo co disposto no artigo 153.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbánística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas modificacións derivadas da Lei 15/2004, do 29 de decembro, sométese ao trámite de información pública por un período de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia. Durante este prazo poderase examinar o expediente que se

atopa na Secretaría do Concello para os efectos de formulación de reparos ou obxeccións polos afectados.

Meaño, 9 de xaneiro de 2008.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. **2008000368**

* * *

NIGRÁN

A N U N C I O

Expte.: 070571 U.

Mediante Decreto de data 30 de outubro de 2007, a Alcaldía-Presidencia aprobou definitivamente o “Proxecto reformado de urbanización do Plan Parcial do SAU-4, Castelao Telleiras, Nigrán”, das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos don Carlos Antelo Martínez.

Faise pública a referida aprobación en cumprimento do preceptuado no art. 141.4 do Regulamento de Planeamento, con indicación de que o citado acordo pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente Recurso de Reposición, no prazo dun mes, ante a Alcaldía, ou interpoñer directamente Recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, no prazo de dous meses a contar dende a publicación ou notificación, no seu caso.

Nigrán, 15 de novembro de 2007.—O Alcalde en funcións, David Giráldez Fernández. **2008000381**

* * *

PONTEAREAS

A N U N C I O

Corrección de erros

Advertidos os seguintes erros no anuncio deste Concello publicado no BOP do 27-12-07, nº 248, (páxina 47), relativo a publicación dos textos íntegros de Ordenanzas, corríxense no seguinte sentido:

No Anexo 1.—Rúas e prazas situadas no centro urbán, na liña onde pon “por cada € metro cadrado de ocupación: 27,03 euros”, debe por “por cada 1/2 metro cadrado de ocupación: 27,03 euros”.

No Anexo 2.—Postos de temporada con produtos agrícolas, nos arredores e interior da praza de abastos, na liña onde pon “por cada € metro cadrado de ocupación: 15,90 euros”, debe por “por cada 1/2 metro cadrado de ocupación: 15,90 euros”.

No Anexo 3.—Aproveitamento por maior superficie, na liña onde pon “por cada € metro cadrado

de ocupación: 3,18 euros”, debe por “por cada 1/2 metro cadrado de ocupación: 3,18 euros”.

Ponteareas, 10 de xaneiro de 2008.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2008000433**

* * *

SANXENXO

A N U N C I O

Solicitada desta Presidencia por don Fernando Fraga Sanmartín, licenza municipal (expte. nº 974-41/07) para modificación de licenza de actividade existente (2.6.4. Pub) e cambio de titularidade do Expte. nº 914-37/06, a situar no Rúa da Marina, 22 esquina Rúa Méndez Núñez, nº 1 Portonovo, expónse a información pública polo prazo de 10 días, en cumprimento do que dispón o artigo 30, apartado A), número 2, do RAMINP

Sanxenxo, 9 de xaneiro de 2008.—A presidenta da Xerencia, Catalina González Bea. **2008000453**

A N U N C I O

Solicitada desta Presidencia por Inicia Dental Sanxenxo, S.L., licenza municipal (expte. nº 984-51/07) para “Clínica dental”, a situar na rúa Progreso esquina rúa de Madrid nº 2-baixo (Edificio Ons) - Sanxenxo, expónse a información pública polo prazo de 10 días, en cumprimento do que dispón o artigo 30, apartado A), número 2, do RAMINP

Sanxenxo, 7 de xaneiro de 2008.—A presidenta da Xerencia, Catalina González Bea. **2008000454**

* * *

SOUTOMAIOR

A N U N C I O

Advertido erro no anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 249 de data 28 de decembro de 2007 e relativo a aprobación definitiva da imposición, ordenación e modificación das Ordenanzas Fiscais, se procede a efectuar a oportuna rectificación:

— *Onde dí en cada unha das modificacións dos Anexos das ordenanzas:* “Disposición final a presente modificación do anexo foi aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 2 de Novembro de 2006 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2007 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa”.

— *Debe dicir en cada unha dos Anexos das ordenanzas:* “Disposición final a presente modificación do anexo foi aprobada polo Pleno do Concello na súa sesión de data 9 de Novembro de 2007 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa”.

Soutomaior a 9 de xaneiro de 2008.—O Alcalde, Agustín Reguera Ocampo. **2008000426**

* * *

TOMIÑO

A N U N C I O

Rematado o prazo de información pública do anuncio publicado no “Boletín Oficial” da provincia de 20 de novembro de 2007, núm. 224, referente aos acordos provisionais adoptado polo Pleno desta corporación:

1.—Acordo Provisional de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo do sumidoiros.

2.—Acordo Provisional de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de distribución de auga.

E non habéndose presentados reclamacións en contra dos mesmas, e en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobada por R.D. 2/2004, de 5 de marzo, queda aprobada definitivamente e faise pública as citadas modificacións

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO SUMIDOIROS

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

2.—Prestación do Servizo:

A cota tributaria trimestral a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiro e depuración de residuais, determinarase en función dunha cota fixa anual (excluídos o IVE e a cota da Xunta), segundo os tipos que de seguido se detallan.

	<u>Ano 2008</u>	<u>Ano 2009</u>	<u>Ano 2010</u>
B.1 Vivendas unifamiliares (€/ano)	21,60	25,92	27,22
B.2 Establecementos comerciais, industriais e locais (€/ano)	36,00	43,20	45,36
B.3 Hotéis, residencias, pensións e similares, (€/hab/ano)	7,20	8,64	9,07

Outros usos que polas súas características poidan considerarse coma especiais, no caso que os suxeitos pasivos dispoñan de servizo de abastecemento de auga, a cota tributaria trimestral será en función dos m³ facturados en abastecemento coma sigue: